# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Decreto 429/2009, do 3 de decembro, polo que se modifica o Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria.*

O sistema de tarxeta sanitaria permite a acreditación e identificación da cidadanía galega para o acceso ás prestacións sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia, ademais de facilitar os datos necesarios para a asistencia sanitaria.

O Decreto 177/1995, do 16 de xuño, regulou a tarxeta sanitaria sinalando que é o documento que identifica os cidadáns residentes en Galicia protexidos polo sistema sanitario público. Coa redacción actual, non se inclúen os galegos e as galegas que realicen estancias temporais en Galicia e residan no estranxeiro.

Por outra banda, o artigo 17 da Lei 40/2006, do 14 de decembro, que aprobou o estatuto da cidadanía española no exterior, recoñece o dereito á protección da saúde aos españois residentes no exterior, coa finalidade de acadar unha equiparación coas prestacións do Sistema Nacional de Saúde.

Ademais, o artigo 4.1º da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, determina que son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia non só os que residan nos seus concellos, senón tamén os transeúntes na forma e nas condicións que estableza a lexislación vixente.

Tendo en conta o anterior, resulta necesario modificar o Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria, co obxecto de dar cobertura sanitaria aos cidadáns galegos que, residindo no estranxeiro, realicen estancias temporais na Comunidade Autónoma de Galicia e non teñan ningunha outra vía para recibir a atención sanitaria.

Esta cobertura formalizaríase mediante a expedición dunha tarxeta coa que os interesados puidesen acceder ás prestacións sanitarias, dentro dos límites determinados neste decreto e nas disposicións de desenvolvemento que para tal efecto se diten.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Sanidade, de conformidade co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e segundo o disposto no artigo 37.1º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de decembro de dous mil nove

*DISPÓN:*

Artigo 1º

Modifícase o artigo 1 do Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria, que quedará redactado como segue, engadíndolle un segundo parágrafo:

«Aos galegos e ás galegas de orixe ou ascendencia a que fai referencia o artigo 4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia que, residindo no estranxeiro, realicen estancias temporais na Comunidade Autónoma de Galicia e non teñan dereito á asistencia sanitaria de acordo coas disposicións vixentes en materia de Seguridade Social, as do Estado de procedencia e/ou os convenios internacionais establecidos para o efecto, expediráselles unha tarxeta sanitaria que garanta o seu acceso ás prestacións que se determinen neste decreto e nas disposicións que no seu desenvolvemento se diten».

Artigo 2º

Engádese un artigo 3 ao Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria, coa seguinte redacción:

«Artigo 3º

A tarxeta sanitaria a que se refire o artigo 1 parágrafo segundo dará acceso, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, á seguinte cobertura:

a) Son continxencias protexidas, exclusivamente, a enfermidade común, o accidente non laboral e a maternidade.

b) Para o caso de enfermidade común ou accidente non laboral, as prestacións que inclúe a cobertura son:

-Prestacións de medicina xeral, especialidades e tratamento médico, nas modalidades de urxencia e, de ser preciso, de hospitalización, coa excepción dos menores e as mulleres xestantes, aos que se lles garante a protección da saúde e a protección sanitaria, nos termos do artigo 4.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

-O tratamento cirúrxico unicamente na modalidade de urxencia. Quedan excluídas a cirurxía plástica e reparadora, a implantación de próteses de calquera tipo, así como os transplantes de órganos e tecidos.

-A prestación farmacéutica en internamento hospitalario. No resto dos supostos, a prestación farmacéutica prestarase nas mesmas condicións que aos traballadores en activo.

c) Para o caso de maternidade, as prestacións que inclúe a cobertura son:

-Asistencia médica no embarazo, parto e puerperio.

-A prestación farmacéutica en internamento hospitalario. No resto dos supostos, a prestación farmacéutica darase nas mesmas condicións que aos traballadores en activo».

*Disposición adicional*

As referencias á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais contidas no Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria, entenderanse referidas á consellería con competencias en materia de sanidade.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de decembro de dous mil nove.

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente (Decreto 428/2009)

Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Corrección de erros.-Orde do 19 de novembro de 2009 pola que se modifica o artigo 18 da Orde do 22 de xullo de 2009 (*Diario Oficial de Galicia *do 30 de xullo) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 232, do 26 de novembro de 2009, é necesario facer a seguinte modificación:

Na páxina 18.272, artigo 18º, nos puntos 1 e 2.1º c) onde di: «9 de decembro de 2009»; debe dicir: «19 de decembro de 2009».

*Resolución do 27 de novembro de 2009 pola que se adxudican as subvencións correspondentes a deseño e produción industrial dos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), convocadas na Orde do 24 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia *do 6 de xullo).*

Por Orde do 24 de xuño de 2009 (DOG do 6 de xullo) establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, Peme I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite) e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. A mencionada convocatoria establece que os programas están dirixidos a diferentes tecnoloxías sectoriais entre as que figura a de deseño e produción industrial (DPI).

De conformidade co disposto nas bases da citada orde da convocatoria, vista a proposta de resolución formulada pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación como órgano instrutor, elaborada tendo en conta o informe da comisión de valoración, e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, esta consellería

*RESOLVE:*

Primeiro.-En relación coas solicitudes correspondentes á modalidade A. Deseño e produción industrial (DPI):

1. Conceder as axudas para a realización de proxectos de investigación aplicada liderados por equipos de investigación de universidades, organismos públicos de investigación e centros públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, aos beneficiarios que se relacionan no anexo I da presente resolución, nas contías que se sinalan.

No anexo II relaciónanse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes. A súa concesión queda condicionada á posible ampliación de crédito derivada de baixas ou dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

2. Conceder as axudas para a realización de proxectos de investigación liderados por centros tecnolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia aos beneficiarios que se relacionan no anexo III desta resolución, nas contías que se sinalan.

No anexo IV relaciónanse, por orde de prioridade, as solicitudes que foron consideradas como suplentes. A súa concesión queda condicionada á posible ampliación de crédito derivada de baixas ou dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

3. Conceder as axudas para a realización de proxectos de I+D liderados por empresas privadas, agrupacións de empresas de carácter privado ou empresas públicas que teñan entre os seus fins ou realicen actividades de investigación, aos beneficiarios que se relacionan no anexo V desta resolución.

Segundo.-En relación coas solicitudes correspondentes á modalidade B. Deseño e produción na automoción (DPA):